

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/05/2018 18:07:09

SAIDA  
6159/18



Valedor  
do Pobo  
Galicia

D. Ismael Antonio López Pérez  
(Pte. da Asociación Petón do Lobo)  
Barrio do Campo, 7 - portal 3-2º A  
36540 - SILLEDA ( Pontevedra)

Expediente: C.6.Q/22180/17

Relacionado co C.6.Q/12686/16

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á vulneración da normativa sectorial no procedemento de concesión dos dereitos mineiros de San Finx de Lousame.

No seu escrito indica:

“Cómpre que no expediente de queixa arriba referenciado se reitere o acceso ao plano de restauración das minas de San Fins na súa totalidade. O medio ambiente é responsabilidade de toda a cidadanía segundo o artigo 45 da Constitución española. Por elo, segundo o artigo 23 da citada norma fundamental, referido ao dereito fundamental de participación e o dereito fundamental á información do artigo 20 do citado texto, é necesario que se respeten estes dereitos constitucionais e se permita o acceso sen traba algunha á totalidade do plano de restauración da empresa que arestora xestiona as minas de San Fins en Lousame.

Hai que ter en conta que a situación das balsas de lodos e do cauce do río San Fins é de extrema gravidade. Segundo indican os medios de comunicación a empresa pretende desentenderse totalmente das balsas existentes e do estado do cauce. A empresa adquiriu os dereitos mineiros de San Fins pero négase a recoñecer a realidade física dos terreos onde se ubican os dereitos mineiros adquiridos. A situación é tan grave que o marisqueo da ría Muros-Noia está en xogo, e con ela os 1.600 postos de traballo dos mariscadores e mariscadoras da ría.

Cómpre recordar ademais que o expediente conta con unha autorización ambiental que non foi sometida á información pública, defecto de tramitación gravísimo, que implica a nulidade de pleno dereito da autorización concedida pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

Está en xogo a sanidade de ría, a saúde dos bancos marisqueiros, a saúde dos ecosistemas e a saúde da cidadanía. A ría de Muros-Noia é unha potencia marisqueira de primeira orde, con un volume de facturación anual moi elevada e con gran volume de postos de traballo. A

minaría de San Fins é unha actividade que carece absolutamente de viabilidade, non é rendible arestora en termos económicos e a súa única saída serán as axudas públicas, como xa viña sendo habitual coa anterior empresa.

Tampouco se permite coñecer a viabilidade económica da empresa nin do proxecto. Lembrar que a empresa é unha simple sociedade limitada unipersoal.

O día 22/01/2017, púidose constatar como a totalidade do leito fluvial do río San Fins se encontra cuberto dunha capa continua de varios milímetros de grosor de lodos mineiros de aparencia ferruxinosa. Isto é evidente durante un tramo de aproximadamente un quilómetro, desde a "Presa Grande" e río abaixo, diminuíndoo o espesor e concentración da capa de lodos canto máis lonxe da presa mineira. A propia presa presenta un estado sensiblemente máis deteriorado, cun fluxo permanente de lodos de aparencia ferruxinosa brotando das dúas comportas precariamente taponadas da parte central e inferior da presa mineira, e que supoñen unha das fontes evidentes dos lodos presentes no río augas abaixo.

No obstante, esta Asociación, na mesma visita, puido constatar como na zona de estancamento de augas enriba da presa, se está producindo unha sedimentación permanente de precipitados mineiros de aparencia ferruxinosa, que mesmo se observan por encima da capa de follaxe recente, polo que necesariamente proceden das augas que proveñen das instalacións mineiras, e que ao pasar pola zona de menor fluxo, precipitan unha parte dos metais pesados que transportan disoltos na mistura de augas ácidas mineiras coas augas do río. Esta Asociación remítese aos datos das análises de Augas de Galicia, correspondentes aos resultados da Inspección do Plan de Control de Vertidos de 08/02/2016 (código DC-JPR-080216), na que se verifica a presenza no cauce de niveis de cadmio, cobre e cinc que superan varias veces as NCA.

Así pois temos unha escombreira lindeira co río que por escorrentía superficial e filtración deriva metais pesados aos acuíferos e cauces. Temos dúas balsas, quebradas e a piques de causar unha catástrofe ambiental de primeira orde, pola natureza dos sedimentos que almacena, e que ben se poden ver nas fotografías que se achegan e sobre o terreo in situ.

As elevadas concentracións anómalas de cobre, cadmio e cinc foron constatadas por Augas de Galicia. De sobra é coñecida os efectos destes metais sobre a saúde humana e os ecosistemas polos seus efectos acumulativos.

A inhalación de niveis altos de cobre pode producir irritación do nariz e a garganta. A inxestión de niveis altos de cobre pode producir náuseas, vómitos e diarrea. Cantidades moi altas de cobre poden danar o fígado e os riles e poden aínda causar a morte.

A inxestión de demasiado cinc a través dos alimentos, a auga ou suplementos dietéticos tamén pode afectar a saúde. Os niveis de cinc que producen efectos adversos son moito máis altos que a inxesta diaria de cinc que se recomenda (RDA) de 11 mg/día para homes e 8 mg/día para mulleres. A inxestión de doses moi altas de cinc (10 a 15 veces máis altas que a RDA), aínda durante un período breve, pode producir cambras estomacais, náusea e vómitos. A inxestión de niveis altos de cinc durante varios meses pode producir anemia, dano do páncreas e diminución do tipo de colesterol beneficioso (HDL) no sangue.

Reactivar a actividade mineira nas minas de Lousame, tal e como fixo a Consellería de Industria, sen levar a cabo previamente as labores de restauración dos ecosistemas afectados, e sen que as mesmas se recollan nun plano de restauración, é un caso gravísimo de responsabilidade da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, de Augas de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Permitir a actividade mineira que xa se está a producir arestora, sobre unha entorna fortemente afectada pola actividade mineira anterior, sen levar a cabo restauración algunha e sen someter a información pública o documento ambiental, provocará efectos acumulativos no medio natural non avaliados, e por tanto dificilmente controlables.

Está en xogo a saúde pública, a saúde dos ecosistemas e a economía da ría de Muros-Noia. Estamos ante unha situación de perigo provocada pola propia Dirección Xeral de Enerxía e Minas, quen non podía autorizar a reactivación da actividade mineira, en tanto en canto non existira un documento ambiental actualizado e un plano de restauración que contemplara a realidade da zona afectada e as adecuadas medias correctoras, compensatorias e de integración paisaxística, garantindo como non podía ser doutra forma a participación pública.

Augas de Galicia non tomou a día de hoxe ningunha acción coñecida a difícil e perigosa situación das presas e das balsas de lodos, se non que esta Asociación tivo acceso a un informe asinado por D. RAFAEL RECUNA CARRASCO, enxeñeiro da Xefatura Territorial da Coruña do Servizo de Enerxía e Minas responsable da supervisión administrativa das Minas de San Fins, que no "Informe sobre a denuncia presentada o 14/03/2016 por Ismael A. López Pérez, en representación da Asociación Autnómica e Ambiental Petón do Lobo, sobre a explotación mineira do Grupo Mineiro San Finx", realiza unha burla continuada dos feitos denunciados por esta Asociación, encubriendo a actuación da empresa mineira.

Desgraciadamente a realidade dános unha vez máis a razón, e a presenza de concentracións anómalas de cobre, cadmio e cinz e as augas ácidas, poñen de manifesto un problema ambiental que dificilmente se pode ocultar e do que ningunha Administración se quere facer cargo.



Polo exposto, SOLICITA: 1.- O acceso ao plano de restauración posto que a propiedade industrial e intelectual non opera no presente caso, puidendo presentarse previa disociación dos datos de carácter persoal. As limitacións que a Lei 19/2013 deben interpretarse de xeito restrictivo, e máis no presente caso, cando hai outros dereitos e intereses prevalentes como é o dereito de acceso á información ambiental, o dereito de participación, o dereito á saúde e á integridade persoal, o dereito a un medio ambiente san e de calidade, e moito máis tendo en conta que o citado plano xa debiera ser sometido no seu momento á información pública, segundo a lexislación ambiental, que tamén se vulnera de xeito flagrante neste caso. A alteración do cauce fluvial e as concentracións anómalas dos metais citados son motivos máis que xustificativos e de peso para esixir o acceso ao plano de restauración, a súa actualización para que o mesmo sexa completo e abarque a totalidade da realidade física da superficie dos dereitos mineiros titularidade da empresa promotora e adquiridos pola mesma (ésta de sobra coñecía cales eran as características dos terreos da mina antes e no momento da súa adquisición), e o sometemento do citado documento a información pública, tal e como debiera haberse feito xa con anterioridade á autorización de minas, con carácter previo á reactivación da actividade mineira, posto que a lexislación ambiental así o esixe. Por ende, non se pode substraer do acceso ás persoas interesadas e da información pública un documento para o que a lei xa preceptúa preceptivamente a súa publicidade. 2.- A desviación do poder e o abuso de poder da Dirección Xeral de Enerxía e Minas e da súa xefatura territorial en A Coruña é tan evidente no presente caso, que existen múltiples vulneracións da lexislación ambiental e mineira, incluso a nulidade de pleno dereito, posto que se outorgou unha autorización mineira prescindindo total e absolutamente dos trámites ambientais preceptivos, previstos na Lei de avaliación ambiental. 3.- Recomende a suspensión da actividade mineira nas minas de Lousame en tanto en canto non se restaure a área afectada (entulleiras, balsas e cauces). 4.- Inste á actualización e posta ao día da documentación ambiental, recomendando a revisión do expediente administrativo, retrotraendo o mesmo ao momento en que os defectos se produciron, se esixa á mercantil promotora a redacción dun novo estudo ambiental incluído un adecuado plano de restauración que contemple toda a realidade existente no espazo físico dos dereitos mineiros dos que é propietaria, e se someta a información pública a citada documentación, e garantir así a participación da cidadanía na toma das decisións ambientais. 5.- Inste a Augas de Galicia á non concesión da autorización de verquidos en tanto que non se restaure debidamente a área afectada, e impida de xeito firme e decidido a bioacumulación dos metais dos que existen concentracións anómalas, isto é, cadmio, cobre e cinc, para evitar efectos danosos e prexudiciais para os ecosistemas e a saúde pública. 6.- Inste tamén a revisión da fianza ambiental depositada pola empresa, posto que para a súa estimación non se tiveron en conta as concentracións anómalas de metais pesados e a contaminación xa presentes na zona. Tampouco se tivo en conta os efectos acumulativos que a actividade reiniciada tería sobre os impactos xa existentes.

Pregámoslle atenda esta queixa coa debida dilixencia posto que estamos ante un problema de saúde pública de primeira orde e que puidera ter implicacións importantes tanto nos ecosistemas fluviais, mariños e na saúde das persoas”.

Ante iso requirimos, como vostede coñece, información a Consellería de Economía, Emprego e Industria, que xa nola remitiu. Recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar á consellería o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución, e mesmo recordar que a non resposta pode constituír un delito (art. 502 CP). Nela sinálase o seguinte:

“... En relación co acceso á información.

En primeiro termo, cómpre indicar que no escrito recibido desde esa Institución non se identifica a concreta petición ou solicitude realizada pala asociación ante a Administración, nin se indica a data de presentación nin número de entrada.

Da busca efectuada nos arquivos enténdese que a queixa está relacionada co escrito presentado o 6/08/2015 no que a dita asociación solicita información e acceso ao expediente de transmisión da titularidade, acceso ao plan de restauración e insta a declaración de caducidade dos dereitos mineiros.

En relación con esta solicitude xa se lle dou cumprida información a través do escrito do 22 de setembro de 2016 en resposta á queixa C.6.0/12686/16 relativa á mesma solicitude.

En todo caso, reitéraselle que a dita solicitude foi respostada mediante a resolución do 25/05/2016 do Director Xeral de Enerxía e Minas por delegación do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria segundo a orde do 10/12/2014 e nela dase contestación a cada unha das peticións formuladas. En concreto, facilítase información relativa ao Consello da Xunta do 31/07/2015, concédese acceso parcial ao expediente de transmisión de titularidade en función da ponderación de intereses razonada nos fundamentos de dereito, denégase o acceso ao informe de solvencia da empresa beneficiaria así como ao plan de restauración en función da ponderación de intereses razonada nos fundamentos de dereito e na propia parte dispositiva da resolución, non obstante o cal se remite un resumo detallado do contido do plan de restauración, e arquívase sen máis trámite a solicitude de declaración de caducidade dos dereitos mineiros por non apreciar causa que xustifique a incoación de oficio do procedemento tras indicar no fundamento de dereito oitavo que a dita asociación non acredita capacidade suxetiva para incoar o procedemento de caducidade á súa instancia.



Non obstante, pese a que na resolución se efectúa unha coherente ponderación de intereses afectados, tendo en conta que se trata dunha resposta do ano 2016 e que nas resolucións de acceso á información dadas polos órganos competentes desta Consellería nos últimos tempos mantense o criterio constante de recoñecer o dereito de acceso ao plan de restauración do espazo afectado pola explotación mineira, ao abeiro da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, por consideralo documentación ambiental de carácter preceptivo e polo tanto non afectada pola excepción establecida no artigo 13.1.g) da dita lei, comunícaselle, para o seu traslado aos interesados, a disponibilidad do devandito plan, logo do pagamento das correspondentes taxas administrativas.

En relación coas diversas afirmacións relativas a aspectos procedementais.

Na queixa que transcribe no seu escrito faise alusión a supostos defectos de tramitación que implican a nulidade de autorizacións e actos administrativos.

Así mesmo, de acordo coa transcripción efectuada, os reclamantes en queixa solicítanlle a esa Institución que inste da Administración a realización de determinados trámites que os reclamantes consideran oportunos respecto de procedementos xa finalizados así como a retroacción de expedientes administrativos.

Con carácter xeral, cómpre pór de manifesto que o ordenamento xurídico estrutura todo un sistema reaccional para permitir a impugnación dos actos da Administración como parte do sistema de garantías que o procedemento administrativo supón para os cidadáns. Especificamente, indícaselle que por esa asociación non se presentou, no momento procedimental oportuno, recurso en vía administrativa, de conformidade co disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, nin tampouco solicitude de revisión respecto dos actos xurídicos que cuestiona. Tampouco consta a interposición de recurso contencioso-administrativo.

En relación aos aspectos medioambientais que se citan na queixa.

A preocupación esencial que se mostra na queixa que se transcribe parcialmente no seu escrito retírese á posible contaminación das augas, en particular, do río San Fins, indicando resultados de determinadas análíticas dos que a asociación dá conta.

Con carácter xeral, non corresponde á Administración mineira a realización de análíticas de calidade das augas nin o establecemento de estándares ou parámetros ao respecto. Infórmaselle que o órgano sectorial competente está tramitando na actualidade o correspondente expediente de autorización de vertido, polo que se considera que sobre este

aspecto debe ser Augas de Galicia quen facilite a información que dende esa Institución se considere oportuno solicitar.

En todo caso, dende esta Dirección Xeral maniféstase a total disponibilidad para levar a efecto calquera medida que o órgano sectorial medioambiental estime conveniente e para a que solicite a colaboración da Administración mineira.

Respecto á solicitude que os reclamantes efectúan a esa Institución de que inste á Augas de Galicia á non concesión da autorización de vertidos, non corresponde pronunciarse a este órgano.

Valoración do informe do enxeñeiro de minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria na Coruña.

Resultan improcedentes e inaceptables as afirmacións transcritas no seu escrito sobre o informe do enxeñeiro de minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria na Coruña respecto do cal se di "realiza unha burla continuada dos feitos denunciados por esta asociación, encubriendo a actuación da empresa mineira". Son ata tal punto inaceptables que ata a súa mera transcripción por parte desa Institución sen a máis mínima comprobación respecto do contido de tal informe -que non consta que lles solicitara aos reclamantes para procederá súa lectura- parece impropia do rigor que se lle presume nas súas actuacións.

Remítense copia da denuncia presentada o 14/03/2016 ante esta Dirección Xeral pola asociación reclamante que dá lugar á visita de inspección realizada o 5/04/2016 e á emisión do devandito informe o 15/04/2016. Remítense, por suposto, a acta e o informe indicados nos que pode comprobarse non só a efectiva realización de actuacións de control pola Administración senón o rigor, a exhaustividade e a corrección na redacción do informe emitido, á vista do cal só cabe dicir que a asociación reclamante interpreta como unha burla calquera conclusión discrepante coas súas afirmacións. En todo caso, a denuncia presentada así como o informe emitido foron remitidos ao órgano medioambiental sectorial competente, remisión que tamén se acompaña.

Advírtese expresamente de que se toma nota das afirmacións realizadas e de que non se admiten opinións valorativas infundadas que poñan en cuestión a nivel persoal as actuacións realizadas polo persoal funcionario da administración mineira no exercicio das súas funcións.

Considérase necesario que por esa Institución se proceda a unha mínima análise das queixas presentadas de modo que se solicite informe sobre cuestións formuladas co debido rigor e respecto".

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do órgano, dedúcese que no relativo ao acceso á información solicitada o 6/8/15 se indica que respondeuse na queixa Q/12686/16. Deuse acceso parcial; transmitiuse a solicitude da empresa e a resolución de autorización da transmisión das concesións de explotación, dissociando os datos persoais, e denegouse o acceso ao informe de solvencia da empresa e ao plan de restauración das minas, por poder vulnerar a propiedade industrial ou intelectual. Porén, axuntouse un resumo detallado do seu contido.

Pola nosa banda indicamos que en canto ao plan de restauración parecía existir un claro interese público respecto da publicidade reclamada (art. 14 da lei 19/2013).

Tamén indica que nos últimos tempos a consellería ten o criterio de recoñecer o dereito de acceso ao plan de restauración das explotacións mineiras, por consideralo documentación ambiental non afectada por excepción legal, polo que pon a disposición o plan “logo do pagamento das correspondentes taxas administrativas”.

Porén, de acordo co previsto nas leis estatal (básica) e autonómica de transparencia, o acceso debe ser gratuíto e debe enviarse preferentemente en formato electrónico, salvo que deba facerse unha conversión a outro formato. A consellería debería ter o plan nese formato, ou ao menos xustificar porqué non o ten e por tanto debe reconvertelo e cobrar taxas.

En relación cos defectos de tramitación a consellería alega que o ordenamento xurídico prevé un sistema para impugnar os actos da administración, pero a asociación non presentou recursos nin en vía administrativa nin en vía xudicial. Porén, a falta de promoción das revisións que se mencionan non exclúen a posibilidade de promover queixa, un dereito habilitado estatutaria e legalmente. Por iso a consellería debería aclarar o que se menciona na queixa respecto do procedemento.

En relación aos aspectos medio ambientais da queixa, fundamentalmente a contaminación das augas do río San Fins e da Ría de Muros e Noia, indica que é competencia de Augas de Galicia. Porén, a consellería é o órgano substantivo do asunto, polo debería tratalo el mesmo co órgano ambiental aos efectos que correspondan. En calquera caso pola nosa banda dirixiremos requirimento de información á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio respecto dos vertidos e a autorización de vertido.

Finalmente, no relativo ao informe do enxeñeiro de minas da Xefatura Territorial da Coruña se indica que son improcedentes e inaceptables as afirmacións transcritas, e mesmo critica a súa transcripción por parte da valedora do pobo “sen a máis mínima comprobación respecto do contido de tal informe”. Sinala que “parece impropia do rigor que se lle presume nas súas actuacións” e que “considérase necesario que por esa Institución se proceda a unha mínima





análise das queixas presentadas de modo que se solicite informe sobre cuestións formuladas co debido rigor e respecto”.

O primeiro que debemos subliñar en relación co anterior é que corresponde a esta institución decidir sobre a admisión a trámite das queixa e sobre o curso da investigación. No requirimento de información é claro que as expresións son contido literal da queixa. A suposta falta de rigor das actuacións vería motivada pola falta do informe; porén, tal cousa non pode sosterse se temos en conta que no intre ao que nos referimos o que se pide é información sobre o mesmo. A iso debemos engadir que non debería facerse fincapé nunha suposta falta de rigor no trámite da queixa nun caso non illado de retraso no envío do informe da consellería, ata o punto de que, como xa sinalamos, recibíuse cun atraso moi considerable; foi preciso recordar á consellería o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución, e mesmo recordar que a non resposta pode constituír un delito (art. 502 CP).

Polo exposto o día de hoxe de novo dirixímonos á consellería con fin de que con urxencia facilite aclaración sobre os extremos mencionados, en concreto sobre as causas polas que condicionase a entrega do plan de restauración ao pago de taxas (a consellería non ten o plan en formato electrónico?; en caso negativo, cales son as causas); sobre os trámites ambientais do expediente e as obxeccións expostas na queixa; sobre ambiental da explotación e o seu perigo, de acordo co argumentado na queixa (en razón da competencia da consellería como órgano substantivo, ao marxe de que tamén se reclame información directa ao órgano ambiental); sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes. Axiña recibamos a correspondente resposta poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta das nosas actuacións.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoo atentamente,

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo